

**NOTA ACLARATORIA REFERIDA AO PREGO DE CLÁUSULAS PARA A ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN DA CANTINA DA PISCINA DURANTE O PERÍODO DE APERTURA DESTE SERVIZO MUNICIPAL PARA O ANO 2018.**

Recibida consulta a respecto do contido da cláusula 8 do mencionado prego no seu apartado "*d) Prezo dos produtos ofertados (ata 15 puntos)*", procédese a realizar a seguinte aclaración de contido, sen que supoña ningún cambio substancial que implique novos prazos e dándolle a mesma publicidade que ao prego de cláusulas (páxina web e perfil do contratante).

En relación ao criterio de valoración do apartado "*d) Prezo dos produtos ofertados (ata 15 puntos)*" unicamente se terá en conta a baixada no prezo dos produtos incluídos na listaxe que aparece en dito apartado; xa que valorar a baixa de prezo dos produtos ofertados a maiores resultaría de imposible aplicación ao non fixarse prezo máximo nos pregos.

San Sadurniño, 25 de maio de 2018.

